



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE XANEIRO DE 2017 núm. 1/17

Lugar: Salón de Actos do Centro Social do Mar

Data: 16 xaneiro 2017

Hora convocatoria: 20:00 horas

Hora comezo: 20:07 horas

Hora remate: 20:25 horas

Sres. asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. Félix Juncal Novas

Concelleiros:

Polo grupo BNG-Asambleas Abertas:

D. Martín Villanueva Pastoriza

D. José Inocente García Cuervo

D. Fidel Castro Quiroga

D. Juan Carlos Eirea Eiras

D^a M^a Teresa López González

D^a Silvia Carballo González

D^a Inmaculada Concepción Rodríguez Días

D. Xosé Leal Fariña

Polo grupo Partido Popular:

D^a Mercedes del Pilar Otero González

D. Manuel Santos Pires

Polo grupo PSdeG-PSOE:

D. José Manuel Vilas Pastoriza

Secretaria:

D^a Nuria Lobato del Río

Interventor:

D. Marcos Vázquez Campaña

Non asisten á sesión o Sr. Otero Pérez e as Sras. Pérez Piñeiro e Otero Pastoriza do grupo político municipal do BNG, a Sra. Pérez Hernández do grupo político municipal do PP, por diferentes circunstancias persoais, así como o Sr. Villanueva González do grupo político municipal do SON, quen se atopa convalescente, desexándolle unha rápida recuperación.

No Salón de Actos do Centro Social do Mar, sendo as 20:07 horas do día 16 de xaneiro de 2017, reúnese o Pleno da Corporación Municipal baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Félix Juncal Novas, co fin de celebrar sesión ordinaria, coa seguinte orde do día que resulta da Resolución da Alcaldía núm. 07/17 de data 11 de xaneiro de 2017 e notificada ós membros da mesma:

1. **Acta anterior núm. 14/16 (ordinaria correspondente ao mes de decembro de data 14/12/16)**



2. **Proposta da alcaldía relativa a aprobación do Expediente de Recoñecemento Extraxudicial de créditos (MCM e IDADES S.L.) núm. 1/2017.**
3. **Proposta da alcaldía relativa a aprobación do Expediente de Recoñecemento Extraxudicial de créditos I.M.D núm. 1/2017.**
4. **Proposta de alcaldía relativa a aprobación de acordos de non dispoñibilidade do orzamento prorrogado ao 2017.**
5. **Moción presentada o 04.01.2016 (RE 78) polo GPM ACB-SON relativa as retribucións por asistencias a Plenos e a Comisións Informativas.**
6. **Dación conta dos reparos de legalidade formulados pola Intervención Municipal dende a derradeira sesión ordinaria.**
7. **Dación conta das Resolucións da Alcaldía habidas dende a derradeira sesión ordinaria**
8. **Rogos e preguntas.**

Comprobada a existencia de quórum esixible para a celebración da sesión, polo Sr. Alcalde declárase aberta a mesma.

1. Acta anterior núm. 14/16 (ordinaria do mes de decembro de data 14/12/16)

Pola Presidencia dáse conta do borrador da acta núm. 14/16, correspondente á sesión ordinaria da corporación municipal celebrada o día 14 de decembro de 2016.

Non producíndose intervencións ó respecto, pola Alcaldía sométese a votación a aprobación da acta da sesión ordinaria antes sinalada, dándose o seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO:

- ✓ Votos a favor: 12, da totalidade dos membros da Corporación presentes (9 do BNG, 2 do PP e 1 do PSdeG-PSOE)
- ✓ Votos en contra: 0
- ✓ Abstencións: 0.

En consecuencia, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, acorda prestar aprobación á acta núm. 14/16, correspondente á sesión ordinaria celebrada polo Pleno da Corporación o día 14 de decembro de 2016.

2. Proposta da alcaldía relativa a aprobación do expediente de Recoñecemento Extraxudicial de créditos (MCM e IDADES S.L.) núm. 1/2017.

Polo Sr. Alcalde dáse conta do expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos núm. 01/17, procedendo á lectura do resultado da votación do dictáme Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, emitido con data 11/01/17, no seguinte senso:

“Votos a favor: 4 (dos concelleiros asistentes do GPM do BNG)

Votos en contra: 0

Abstencións: 3 (das que 1 corresponde co concelleiro do GPM de SON e 2 corresponden aos Concelleiros do GPM do PP.”

De seguido cédelle a palabra ó Concelleiro Delegado de Facenda que xustifica a proposta de alcaldía formulada con data 05.01.2017 e ditaminada con data 11.01.2017 nos seus propios termos, dando lectura á mesma co seguinte contido literal:



“Téndose asinada proposta de Alcaldía de aprobación do expediente de Recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2017 por Gastos correspondentes ó capítulo 4 do exercizo 2016, que non foron imputadas ó orzamento municipal por falta de crédito, referidos á Mancomunidade de Concellos do Morrazo (P360020F) por importe de 318.459,73€ en concepto de Tratamento do RSU pola Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA), ós meses de Xaneiro/Setembro de 2016 e as correspondentes ao capítulo 2 do exercicio 2016 que non foron imputadas ao orzamento por non presentarse as facturas debidamente en tempo e forma por importe de 17.125,15€ e 2.520,36€ de Idades S.L. Cif B36577542 imputadas nas partidas orzamentarias 231 22710 e 231 22711 respectivamente

Que con data 05.01.2017 e entrada no Rexistro Municipal num. 97, consta requerimento de ingreso formulado polo Presidente da Mancomunidade de Concellos do Morrazo en concepto de Tratamento do RSU pola Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA), referidos ós meses de Outubro/Decembro de 2016, e polo importe de 98.472,78€

E considerando a conveniencia de incluír neste Recoñecemento extraxudicial os Gastos correspondentes ao Capítulo 4 do exercicio 2016 que non foron imputadas ó orzamento por falta de crédito, referidos á Mancomunidade de Concellos do Morrazo (P3600020F) coa inclusión dos gastos por importe de 98.472,78€ referidos ós meses de Outubro/Decembro 2016 , ascendendo os mesmos a de 416.932,51€ en concepto de Tratamento do RSU pola Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA), ós meses de Xaneiro/Decembro de 2016 é polo que veño en modificar a proposta inicial,

Obxecto.

Finalizado o exercicio 2016 existen xustificantes de gasto devengados no exercizo 2016 que non puideron ser aplicados ao orzamento por non existir crédito para os mesmos ou ser este insuficiente.

O artigo 26 do Real Decreto 500/1990, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos inclúe como excepción ao principio de temporalidade dos créditos, ademais dos establecidos polo texto legal, o recurso ao recoñecemento extraxudicial de créditos, mecanismo mediante o que, con cargo aos créditos do estado de gastos do orzamento en vigor, poden imputarse ao mesmo obrigas contraídas en exercicios anteriores, que no seu día non foron imputadas ao orzamento correspondente.

Asimesmo o artigo 60 establece que corresponderá ao Pleno da Entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos.

O obxecto desta proposta e o recoñecemento extraxudicial de créditos para o recoñecemento de gastos de exercicios anteriores que se relacionan nos antecedentes.

Antecedentes.

*Gastos correspondentes ao Capítulo 4 do exercicio 2016 que non foron imputadas ó orzamento por falta de crédito, referidos á Mancomunidade de Concellos do Morrazo (P3600020F) por importe de 416.932,51€ en concepto de Tratamento do RSU pola Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA), ós meses de Xaneiro/Decembro de 2016

*Gastos correspondentes ao capítulo 2 do exercicio 2016 que non foron imputadas ao orzamento por non presentarse as facturas debidamente en tempo e forma por importe de 17.125,15€ e 2.520,36€ de Idades S.L. Cif B36577542 imputadas nas partidas orzamentarias 231 22710 e 231 22711 respectivamente

*Informe da Intervención Xeral do Concello de Bueu

Vistos os antecedentes expostos anteriormente, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte **acordo:**

Primeiro.- Convalidar os gastos os que se refire o presente recoñecemento extraxudicial



Segundo.- Aprobar e comprometer os gastos, recoñecer as obrigas e ordenar os pagos incluídos no expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2017 por importe total de 436.578,02€ que se describe nos antecedentes (...)"

• **Sr. García Cuervo (BNG):**

Trátase de recoñecer facturas da Mancomunidade de Concellos do Morrazo e de IDADES, concesionaria do Servizo de Axuda no Fogar, que non tiveron cabida nos orzamentos do pasado exercizo, ben por falta de consignación presupostaria ou porque foron presentadas fóra de prazo (en 2017); amosando a súa satisfacción por deixar recoñecidas tódalas obrigas de 2016.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria, nominal e a man alzada a proposta da Alcaldía formulada con data 05.01.2017 e ditaminada con data 11.01.2017 de "Modificación Proposta da alcaldía de aprobación do Expediente de Recoñecemento Extraxudicial de créditos 1/2017 por Gastos correspondentes ao Capitulo 4 do exercicio 2016 que non foron imputadas ó orzamento por falta de crédito, referidos á Mancomunidade de Concellos do Morrazo (P3600020F) por importe de 318.459,73€ en concepto de Tratamento do RSU pola Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA), ós meses de Xaneiro/Setembro de 2016 e as correspondentes ao capítulo 2 do exercicio 2016 que non foron imputadas ao orzamento por non presentarse as facturas debidamente en tempo e forma por importe de 17.125,15€ e 2.520,36€ de Idades S.L. Cif B36577542 imputadas nas partidas orzamentarias 231 22710 e 231 22711 respectivamente", dándose o seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO:

- ✓ Votos a favor: 09 dos Concelleiros presentes do GPM do BNG.
- ✓ Votos en contra: 0
- ✓ Abstencións: 03 (02 dos concelleiros do GPM do PP, e 01 do PSdeG-PSOE)

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, por maioría absoluta de votos dos membros presentes, acorda:

- **Primeiro:** Convalidar os gastos ós que se refire o presente recoñecemento extraxudicial.
- **Segundo:** Aprobar e comprometer os gastos, recoñecer as obrigas e ordenar os pagos incluídos no expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 01/17, por un importe total de 436.578,02 € que se describe nos antecedentes.

3. Proposta da alcaldía relativa a aprobación do Expediente de Recoñecemento Extraxudicial de créditos I.M.D núm. 1/2017.

Polo Sr. Alcalde dáse conta do expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos núm. 01/17, procedendo á lectura do resultado da votación do dictámen Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, emitido con data 11/01/17, no seguinte senso:

"Votos a favor: 5 (4 correspondentes aos concelleiros asistentes do GPM do BNG, e 1 correspondente ao concelleiro do GPM de SON.

Votos en contra: 0

Abstencións: 2 (dos concelleiros do GPM do PP.)"



De seguido cédelle a palabra ao Concelleiro Delegado de Facenda que xustifica a proposta de alcaldía formulada con data 05.01.2017 e ditaminada con data 11.01.2017 nos seus propios termos, dando lectura á mesma co seguinte contido literal:

“Obxecto.

Finalizado o exercicio 2016 existen xustificantes de gasto devengados no exercizo 2016 que non puideron ser aplicados ao orzamento por non existir crédito para os mesmos ou ser este insuficiente.

O artigo 26 do Real Decreto 500/1990, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos inclúe como excepción ao principio de temporalidade dos créditos, ademais dos establecidos polo texto legal, o recurso ao recoñecemento extraxudicial de créditos, mecanismo mediante o que, con cargo aos créditos do estado de gastos do orzamento en vigor, poden imputarse ao mesmo obrigas contraídas en exercicios anteriores, que no seu día non foron imputadas ao orzamento correspondente.

Asimesmo o artigo 60 establece que corresponderá ao Pleno da Entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos.

O obxecto desta proposta e o recoñecemento extraxudicial de créditos para o recoñecemento de gastos de exercicios anteriores que se relacionan nos antecedentes.

Antecedentes.

**Anexo I de facturas por gastos devengados no exercicio 2016 que non foron imputadas ó orzamento por falta de crédito, formado por 1 páxina, que comeza por Autobuses Cerqueiro CIF (B36169688) por importe de 210€ e remata por Autobuses Cerqueiro CIF (B36169688) por importe de 1.200€ elevándose o importe total a 9.926,75€*

**Informe da Intervención Xeral do Concello de Bueu*

Vistos os antecedentes expostos anteriormente, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Convalidar os gastos os que se refire o presente recoñecemento extraxudicial

Segundo.- Aprobar e comprometer os gastos, recoñecer as obrigas e ordenar os pagos incluídos no expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2017 por importe total de 9.926,75€ que se describe no anexo I “

• **Sr. García Cuervo (BNG):**

Igual que o expediente anterior, tratáse de recoñer facturas do I.M.D. que non tiveron cabida nos orzamentos do pasado exercizo de 2016, por falta de consignación presupostaria e cuxa contía global non acada os 10.000 €; reiterando a súa satisfacción por deixar recoñecidas tódalas obrigas de 2016.

• **Sr. Santos Pires (PP):**

En relación coa factura do evento URBAN Bueu 2016, presentan un orzamento de gastos que se eleva a 8.775 €; deducen 2.550 en premios entregados e 2.000 de patrocinador, presentando unha factura de 4.225 €. Chegástedes a algún compromiso para cubrir a contía que falta?

Non debería figurar conceptos polos que está exento do IVE.?

• **Sr. Alcalde:**

Era o custo estimado. En canto ao IVE, correspondente ao proveedor responder ante a Axencia Tributaria.

• **Sr. Santos Pires (PP):**



Tamén se inclúe unha factura de Autobuses Cerqueiro pagada a través do IMD por unha visita á Aula da Natureza por unha ruta de sendeirismo.

• **Sr. Alcalde:**

Non pode concretalo; pero debe corresponder a unha visita dun intercambio de alumnos do Instituto Johan Carballeira asumida polo Instituto Municipal de Deportes.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria, nominal e a man alzada a proposta da Alcaldía de "Aprobación do Expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos do I.M.D. núm. 01/17", dándose o seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO:

- ✓ Votos a favor: 9 (dos Concelleiros presentes do BNG)
- ✓ Votos en contra: 1 (do concelleiro do GPM do PSdeG-PSOE)
- ✓ Abstencións: 2 (2 dos representantes do GPM do PP)

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, por maioría absoluta de votos dos membros presentes, acorda:

Primeiro: Convalidar os gastos ós que se refire o presente recoñecemento extraxudicial.

Segundo: Aprobar e comprometer os gastos, recoñecer as obrigas e ordenar os pagos incluídos no expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2017, por importe total de 9.926,75 € que se describe no anexo I da proposta de alcaldía formulada con data 05.01.2017 relativa á aprobación do Expediente de Recoñecemento Extraxudicial de créditos I.M.D 1/2017.

4. Proposta de alcaldía relativa á aprobación de acordos de non dispoñibilidade do orzamento prorrogado ao 2017.

Polo Sr. Alcalde procédese á lectura do resultado do resultado da votación do dictáme Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, emitido con data 11/01/17, no seguinte senso:

"Votos a favor: 4 (dos concelleiros asistentes do GPM do BNG)

Votos en contra: 0

Abstencións: 3, dos cales 2 corresponden aos Concelleiros do GPM do PP, e 1 ao Concelleiro do GPM de SON."

De seguido cédelle a palabra ao Concelleiro Delegado de Facenda que xustifica a proposta de alcaldía formulada con data 05.01.2017 e ditaminada con data 11.01.2017 nos seus propios termos, dando lectura á mesma co seguinte contido literal:

" ANTECEDENTES

- Acordo Plenario do Concello de Bueu de data 14/12/2016 de Aprobación do Plan Económico Financeiro do Concello de Bueu 2016-2017.

MEDIDAS PREVISTAS NO PEF

Para o exercicio 2017 o PEF contén as seguintes medidas polo que respecta ao orzamento de gastos:

Capítulo 2: Reducción de gasto mediante acordo de non dispoñibilidade por importe de 120.000,00 €.

Capítulo 4: Reducción de gasto mediante acordo de non dispoñibilidade por importe de 105.000,00 €.



Capítulo 6: Reducción de gasto mediante acordo de non dispoñibilidade por importe de 135.000,00 €.

OBXECTO

Visto que no Plan Económico Financeiro do Concello de Bueu 2016-2017 recollíanse como medidas previstas para o exercicio 2017 a adopción que acordos de non dispoñibilidade de créditos aos efectos de reducir gasto no orzamento prorrogado, así como no orzamento a aprobar para o citado exercicio no seu caso, por importe global de 360.000,00 euros, repartidos do xeito sinalado anteriormente, esta Alcaldía propón ao Pleno aprobar a adopción do acordo de declaración de non dispoñibilidade nas seguintes aplicacións orzamentarias e polos importes indicados, aos efectos de facer efectivo o acordado na sesión plenaria de 14/12/2016 pola que se aprobou o Plan económico Financeiro 2016-2017:

Capítulo 2

Apl.	Orz.	165.22100.....
	120.000,00 €

Total 120.000,00 €

Capítulo 4

Apl.	Orz.	943.46200.....
	65.236,88 €

Apl.	Orz.	943.46300.....
	39.763,12 €

Total 105.000,00 €

Capítulo 6

Apl. Orz.	151.64001.....	25.000,00 €
-----------	----------------	-------------

Apl. Orz.	1532.61900.....	11.270,47 €
-----------	-----------------	-------------

Apl. Orz.	160.60900.....	36.000,00 €
-----------	----------------	-------------

Apl. Orz.	172.64801.....	8.268,63 €
-----------	----------------	------------

Apl. Orz.	330.63900.....	20.000,00 €
-----------	----------------	-------------

Apl. Orz.	4313.62900.....	20.000,00 €
-----------	-----------------	-------------

Apl. Orz.	454.60900.....	8.766,93 €
-----------	----------------	------------

Apl. Orz.	342.62900.....	5.693,97 €
-----------	----------------	------------

Total 135.000,00 €

(...)"

• **Sr. García Cuervo (BNG):**

No Pleno anterior foi aprobado o Plan Económico-Financeiro onde se incluía o acordo de non dispoñibilidade do orzamento prorrogado ata que se aprobe un orzamento novo.

Aquí ven máis especificado por capítulos; quedando pendente para cumprir con todo Plan, a desaparición do IMD que, por tratarse dun tema máis xuríco, de momento non puido levarse a cabo.

Non producíndose máis intervencións ó respecto, o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria, nominal e a man alzada a proposta da Alcaldía, de 05.01.2017, relativa á aprobación de acordos de non dispoñibilidade do orzamento prorrogado ao 2017, dándose o seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO:

- ✓ Votos a favor: 9 (dos Concelleiros presentes do BNG)
- ✓ Votos en contra: 1 (do concelleiro do GPM do PSdeG-PSOE)
- ✓ Abstencións: 2 (2 dos representantes do GPM do PP)



En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, por maioría absoluta de votos dos membros presentes, acorda:

- A non dispoñibilidade de créditos aos efectos de reducir gasto no orzamento prorrogado, así como no orzamento a aprobar para o citado exercicio no seu caso, por importe global de 360.000,00 euros, repartidos do xeito sinalado anteriormente, esta Alcaldía propón ao Pleno aprobar a adopción do acordo de declaración de non dispoñibilidade nas seguintes aplicacións orzamentarias e polos importes indicados, aos efectos de facer efectivo o acordado na sesión plenaria de 14/12/2016 pola que se aprobou o Plan económico Financeiro 2016-2017:

Capítulo 2

Apl. Orz. 165.22100 120.000,00 €

Total 120.000,00 €

Capítulo 4

Apl. Orz. 943.46200 65.236,88 €

Apl. Orz. 943.46300 39.763,12 €

Total 105.000,00 €

Capítulo 6

Apl. Orz. 151.64001 25.000,00 €

Apl. Orz. 1532.61900 11.270,47 €

Apl. Orz. 160.60900 36.000,00 €

Apl. Orz. 172.64801 8.268,63 €

Apl. Orz. 330.63900 20.000,00 €

Apl. Orz. 4313.62900 20.000,00 €

Apl. Orz. 454.60900 8.766,93 €

Apl. Orz. 342.62900 5.693,97 €

Total 135.000,00 €

5. Moción presentada o 04.01.2016 (RE 78) polo GPM ACB-SON relativa as retribucións por asistencias a Plenos e a Comisións Informativas.

A Alcaldía-Presidencia sinala que esta mesma mañá estivo a falar co Concelleiro promotor da moción, Sr. Villanueva González (SON), que, como queda refrexado no encabezamento da acta, non puido asistir á sesión por atoparse convaleciente, entendendo debe ser retirado o presente asunto da Orde do Día, quedando pendente para o momento en que poida asistir ao Pleno.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometida a votación ordinaria, nominal e a man alzada a retirada do presente asunto da orde do Día, deuse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, da totalidade dos membros presentes (9 do grupo municipal do BNG, 2 do PP e 1 do PSdeG-PSOE).

Polo que, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, dispón a retirada do presente asunto da Orde do Día.

6. Dación conta dos reparos de legalidade formulados pola Intervención Municipal dende a derradeira sesión ordinaria.

• Sr. Vilas Pastoriza (PSdeG-PSOE):

Días pasados solicitou a visualización de catro expedientes e non recibiu información ó



respecto.

- **Sr. Alcalde:**

Está ordenado que se facilite polo Departamento de Cultura, onde se atopan os expedientes; preguntarei mañá, pero sí está ordenado.

- **Sr. Vilas Pastoriza (PSdeG-PSOE):**

Non lle sirve de anda se non ten acceso antes da celebración do Pleno.

- **Sr. Alcalde:**

O acceso ao expediente é totalmente independente á sesión.

De seguido pola Presidencia enténdese dada conta dos reparos de legalidade formulados pola Intervención de Fondos do Concello dende a última sesión ordinaria que, xunto coa súa relación, estiveron a dispor dos Sres. Concelleiros dende a convocatoria da sesión, e que, de seguido, se relacionan:

nº	data	extracto do seu contido
847	20/12/16	Levantamento reparo e aprobación nómina persoal mes de decembro
872	26/12/16	Levantamento reparo e recoñecemento obrigas correspondentes á relación de facturas 31/16, por unha contía global de 224.365,04 €
884	30/12/16	Levantamento reparo, aprobación gasto e orde pago achegas ás ANPAS, Plan Madruga
891	30/12/16	Levantamento reparo, aprobación xustificación convenio coa Asociación Trobula na Banda, e orde pagamento por unha contía de 17.000 €
892	30/12/16	Levantamento reparo, aprobación xustificación achega á Asociación Club Golfiños, e orde pagamento por unha contía de 2.500 €
893	30/12/16	Levantamento reparo, aprobación xustificación achega á Asoc. Aigos Embarc. Tradicionis Os Galos, e orde pagamento achega por 1.002,64 €
894	30/12/16	Levantamento reparo, aprobación xustificación achega á Asoc. Bueu en Festas, e orde pagamento por unha contía de 3.000 €

Non producíndose máis intervencións, polo Sr. Alcalde declárase o coñecemento polo Pleno da Corporación Municipal dos reparos de legalidade formulados pola Intervención Municipal dende a última sesión ordinaria.

7. Dación conta das resolucións da alcaldía habidas dende a derradeira sesión ordinaria

Pola Presidencia dáse conta das Resolucións da Alcaldía habidas dende a última sesión ordinaria que, xunto coa súa relación, estiveron a disposición dos Sres. Concelleiros dende a convocatoria da sesión, que de seguido se relacionan:

nº	data	extracto do seu contido
828	07/12/16	Delegación funcións Alcaldía no 1º Tte. Alcalde Martín Villanueva, días 8-11/12
829	09/12/16	Aprobación gastos e orde pagamento taxas Portos de Galicia



830	09/12 /16	Remate relación laboral peóns limpeza edificios municipais e limpeza viaria
831	12/12 /16	Aprobación gasto e orde pagamento ó Consorcio Galego de Igualdade e Benestar programa Xantar na Casa
832	13/12 /16	Cancelación aval Ceta Contratas, expte. contratación "Troco material cubrición nave deportes náuticos"
833	13/12 /16	Aprobación gastos e orde pagamento provisión fondos perito xudicial Víctor Alberto Lamas, P.O. 10/2106
834	14/12 /16	Adxudicación contrato Operación Tesourería por 800.000 €, a Caixabank
835	15/12 /16	Aprobación gasto e orde pagamento ó Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, programa Xantar na Casa
836	15/12 /16	Aprobación liquidacións asistencias Concelleiros a órganos colexiados, mes setembro
837	15/12 /16	Aprobación expte. modificación créditos 26/16, transferencia 12/16, por unha contía de 42.000 €
838	16/12 /16	Aprobación gasto Seguridade Social, mes novembro
839	16/12 /16	Recoñecemento obrigas e ordenación pago relación facturas 29/16, por unha contía global de 43.405,36 €
840	16/12 /16	Convocatoria Xunta Goberno 19/12/16
841	19/12 /16	Aprobación convenio coa Deputación, para levar a cabo actuacións no Sendeiro Azul de Cabo Udra
842	19/12 /16	Autorización celebración voda civil a Tania del Río Rosales
843	20/12 /16	Aprobación liquidacións IIVTNU por unha contía global de 1.113,47 €
844	20/12 /16	Aprobación expte. modificación créditos 27/16, transferencia 13/16, por unha contía de 136.300 €
845	20/12 /16	Aprobación axuda básica por emerxencia social, a Ana Belén Otero Otero
846	20/12 /16	Rectificación erro R.A. de 20/12/16, aprobación expte. modificación créditos 27/16, transferencia 13/16
847	20/12 /16	(con levantamento de reparo)
848	21/12 /16	Nomeamento de Susana Miragaya González, como Xefe de Negociado departamento de Secretaría
849	21/12 /16	Aprobación gasto e orde pagamento taxas Portos de Galicia
850	21/12 /16	Aprobación gasto e orde pagamento anuncio BoP licitación subministración luminarias P.I. Castiñeiras
851	21/12 /16	Cancelación aval AEBI Schmidt Ibérica, subministro máquina varredora
852	21/12 /16	Desestimación reclamación responsabilidade patrimonial Carreteiro Motor
853	21/12 /16	Remate relación laboral monitores deportivos Pablo Miranda Méndez e Saúl Regueira Pequeño
854	21/12 /16	Remate relación laboral como peón carpintería Fernando Villar Méndez
855	21/12 /16	Remate relación laboral como peóns electricistas, Damián Hermelo Méndez e Pedro Torres Lemos
856	21/12 /16	Autorización a Gestión Tributaria Territorial, peche ao público días 24 e 31/12 e 07/01/17
857	21/12 /16	Aprobación liquidación cota trimestral amortización e xuros crédito a longo prazo BCLE
858	22/12 /16	Aprobación liquidación cota trimestral amortización e xuros operación de crédito BCLE
859	22/12 /16	Aprobación liquidación cota trimestral amortización e xuros operación de crédito BCLE
86	22/12	Aprobación liquidación cota trimestral amortización e xuros operación de crédito



0	/16	BBVA
86 1	22/12 /16	Aprobación liquidación asistencias a tribunais procesos selectivos Admttvo. Xefe Negociado Secretaría e Monitores Deportivos
86 2	22/12 /16	Aprobación liquidación cota trimestral amortización e xuros crédito a longo prazo BBVA
86 3	22/12 /16	Aprobación liquidación cota trimestral amortización e xuros operación crédito a longo prazo La Caixa
86 4	22/12 /16	Recoñecemento obrigas correspondentes á relación de facturas 30/16, por unha contía global de 183.193,77 €
86 5	23/12 /16	Aprobación Cert. 1 e 2-final, obra "Pavimentación camiños municipais As Meáns, da Morada, Sar-Cela e Camiño do Couto"
86 6	23/12 /16	Outorgamento representación procesual ó despacho Calixto Escaríz, demanda José M. López González
86 7	23/12 /16	Aprobación padrón abastecemento auga, saneamento e depuración, 4º T/16
86 8	26/12 /16	Aprobación Cet 1-liquidación "Ampliación rede municipal de saneamento Castrelo-Pousada"
86 9	26/12 /16	Desestimación reclamación responsabilidade patrimonial formulada por Pilar Pouseu Escáneo, danos físicos por caída
87 0	26/12 /16	Aprobación certificación 1-final "Rehabiliación firme camiño Sanamedio"
87 1	26/12 /16	Arquivo expte. reclamación responsabilidade patrimonial formulada por Anuncia Estévez Villanueva, danos vehículo
87 2	26/12 /16	(con levantamento de reparo)
87 3	27/12 /16	Aprobación gastos desprazamentos, peaxe e parking, concelleiros e funcionarios
87 4	27/12 /16	Devolución taxa expedición documentos administrativos a Rosa María Vázquez Castro
87 5	27/12 /16	Recoñecemento obrigas correspondentes á relación de facturas núm. 32/16 por unha contía global de 49.734,20 €
87 6	28/12 /16	Aprobación expte. modificación créditos 28/16, xeración crédito 09/16, por unha contía de 21.191,35 €
87 7	28/12 /16	Recoñecemento obrigas correspondentes á relación de facturas 33/16, por unha contía global de 56.008,79 €
87 8	28/12 /16	Aprobación expte. modificación créditos 28/16, transferencia 14/16, por unha contía de 161.750,00 €
87 9	29/12 /16	Recoñecemento obrigas correspondentes á relación de facturas 34/16, por unha contía global de 137.191,07 €
88 0	30/12 /16	(anulada, por canto non se trata dunha resolución)
88 1	30/12 /16	Recoñecemento obrigas e orde pagamento relación facturas 35/16, por unha contía global de 37.695,52 €
88 2	30/12 /16	Autorización celebración voda civil a Diana María Bernárdez Rodríguez
88 3	30/12 /16	Aprobación expte. modificación de créditos 30/16, transferencia 15/16, por unha contía de 36.250,00 €
88 4	30/12 /16	(con levantamento de reparo)
88 5	30/12 /16	Trocos titularidade e renovación postos venda ambulante
88 6	30/12 /16	Aprobación Addenda ó convenio coa Deputación, para actuacións no Sendeiro Azul de Cabo Udra
88 7	30/12 /16	Convocatoria Xunta Goberno Local 02/01/17
88 8	30/12 /16	Aprobación gasto e orde pagamento facturas Camilo García Pastoriza
88 9	30/12 /16	Aprobación gasto e orde pagamento gastos compartidos ISM
89 0	30/12 /16	Recoñecemento obrigas correspondente á factura Jucons Galicia por unha contía de 21,01 €



89/1	30/12/16	(con levantamento de reparo)
89/2	30/12/16	(con levantamento de reparo)
89/3	30/12/16	(con levantamento de reparo)
89/4	30/12/16	(con levantamento de reparo)
89/5	30/12/16	Aprobación conta xustificativa Anticipo Caixa Fixa 01/16
01/17	02/01/17	Prórroga orzamento xeral 2016
02/17	03/01	Arquivo expte. reclamación responsabilidade patrimonial formulada por M ^a Dolores Romero Iglesias, danos vehículo
03/17	03/01	Aprobación liquidacións prezo público actividades culturais e deportivas música, 15/11-15/12
04/17	05/01	Aprobación da liquidación provisional da taxa por ocupación privativa do dominio público local no 4º T/2016 por AUDAX enerxía S.L.
05/17	09/01	Devolución da garantía definitiva presentada por Rural Consulting S.A. no procedemento de contratación de mobiliario da praza de abastos.
06/17	11/01	Liquidación de prezos públicos por actividades culturais e deportivas Pilates decembro 2016 por importe total de 1.090,00€.
07/17	11/01	Convocatoria da sesión plenaria correspondente ao mes de xaneiro de

Non producíndose intervención algunha, polo Sr. Alcalde declárase o coñecemento polo Pleno da Corporación Municipal das Resolucións da Alcaldía habidas dende a última sesión ordinaria.

8. Rogos e preguntas

◆ Sr. Vilas Pastoriza (PSdeG-PSOE):

1. Na convocatoria dunha xunta de voceiros figuraba na orde do día un asunto referido a un escrito presentado por D Rafael Oliveira Souto e desexa saber qué pasou?
2. Presento o 19.12.2016 unha solicitude de convocatoria de sesión de comisión informativa de urbanismo e aínda non tivo resposta. Pide aclaracións polo inxustificable retraso da convocatoria e manifesta que lle parece un desprezo do concelleiro delegado de área respecto a labor da oposición
3. Ten igualmente solicitados informes e accesos a expedientes administrativos para o exercizo da súa función fiscalizadora e aínda non recibiu resposta a ningunha da súas peticións

• Sr. Villanueva Pastoriza (BNG):

É unha percepción do Sr. Vilas, pero non se lle pode atribuir ao Concelleiro de Urbanismo ese desprezo. Hai momentos complicados no departamento. A día de hoxe non son capaces de convocar por temas administrativos telemáticos; non se convocan pola imposibilidade e cambio de Secretaria na Comisión, entre outras razóns.

En breve espero poder convocar a Comisión e poder estudar os temas que a Vde. lles interesa.

• Sr. Vilas Pastoriza (PSdeG-PSOE):

Qué non foi posible convocarlle a el á Comisión de Urbanismo ou convocar a Comisión de Urbanismo? Levan así dende agosto.



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

- **Sr. Alcalde:**

Nun prazo de 24/48 horas convocarase a Comisión de Urbanismo.

- ◆ **Sr. Santos Pires (PP):**

O Sr. García Cuervo dí que ten pagadas tódalas facturas de 2016, e quere saber cando vaille ser facilitado o orzamento da exhaltación Festa do Plbo de Ribadesella.

- **Sr. Alcalde-Presidente:**

Dende hoxe está todo recoñecido; outra cousa é que esté pagado e, si non houbo gasto, non hai nin facturas nin pagos.

E non habendo outros asuntos que tratar, a Presidencia da por rematada a sesión cando son as 20:25 horas do día ó principio sinalado, de todo o que eu, como Secretaria Xeral da Corporación, dou fe.

(documento asinado electrónicamente ao marxe)